


# Cartafol da LINGUA

LES NUGNOS

BOLETÍN DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA Nº 4



Ano novo, vida nova. Como podedes observar os ordenadores non impediron que o mundo siga onde sempre e que o noso CARTAFOL cumpra a súa obriga convosco.

O ano 2000 fixo que o noso Cartafol aumente e mellóre a súa calidade para compracer ós bos e fieis lectores. Agora ofrecemos reportaxes, noticias, artigos de opinión, reseñas musicais, cinematográficas e bibliográficas. Todo isto adobado coa ilusión dos que participamos nestas actividades.

O Equipo de Normalización Lingüística estivo preguntando cales eran as vosas opinións sobre seccións da revista e qué cousas vos gustaría ver na próxima edición. Agradecemosvos moito que deades a vosa sincera opinión sobre o noso traballo: o éxito que tivo a innovación do Loróscopo, a pesar da falta de Leo cousa que sentimos moito; a adiviñanza coas fotos dos profes creou expectación entre o alumnado, ó igual que a reseña cinematográfica.

Entre os aspectos negativos temos que contarvos que o loro está triste, xa que só houbo un valiente que se atreveu a darlle un nome: E.T.2. Ademais o noso Buzón pasa moita necesidade de cartas, ninguén neste centro debe ter problemas amorosos, San Valentín debeu ser bo con todos e por iso a xente non precisa consello, ¡mellor así!, pero con isto non dicimos que quede pechado ese apartado; se necesitades algo, aquí esta o súper equipo para ir ó rescate dos corazóns "partíos".

É mellor mellor vivi-la vida coma un chiste, porque para mal chiste as dúas cartas, moi pouco graciosas, que recibimos, aínda que pretenderon botar abaixo a moral e ilusión do Equipo non o conseguiron, porque non pensamos desistir tan só por dous ataques covardes de persoas que nin sequera se atreveron a dá-lo nome. En fin, non nos amarguemos e... ¡xa sabedes! ¡ANIMÁDEVOS A PARTICIPAR!

CLARA PREGO &  
SANTIAGO MALVÁREZ





¿E TI QUE  
OPINAS?

Era un día de xaneiro cando os rapaces e rapazas do Instituto de Mugardos marchamos, ESCOLTADOS pola policía, cara ó casino da mesma vila. Iamos ver unha obra de teatro en inglés coa que traballáramos na clase.

Cando chegamos ó Casino asistimos á representación da obra que xiraba en torno ós temas do circo, a maxia, o amor e o egoísmo do propietario do circo. A obra titulábase *The circus of Horrors* e foi representada pola compañía "Firewalk Theatre". Comezou con dous actores no escenario, un deles era o dono do circo que ía presentar ós artistas e decátase de que non queda ninguén: todos se despediran pola morte dunha trapecista o día anterior. Así que todo o peso da representación queda nas mans do limpador, quen nos sorprende pola súa simpatía e os seus dotes artísticos. Aínda que non entendemos todo, puídemos seguir con facilidade a trama e botamos unhas boas risas.

Un dos detalles máis interesantes da obra foi que saíron voluntarios ó escenario, concretamente dous alumnos do centro que fixeron unha boa actuación. Ademais os actores fixeron participar ó resto do público de moi diferentes maneiras.

Ó remate da representación a xente non marchaba, non se levantaba da súa butaca, parecía esperar que a cousa continuase e os xoves actores tiveron que saír en panos menores a dá-las gracias e a dicir que aquilo xa rematara.

Voltamos ó Instituto, con un sol radiante e baixas temperaturas, satisfeitos e decididos a voltar se as condicións nolo permiten.

IRIA PÉREZ & NOEMÍ LORENZO

#### EL CELOSO EXTREMEÑO

Era un caloroso día de inverno, cando o grupo de 3ºB de BUP deste Instituto subía no autobús, dirección á Coruña. O obxectivo desta viaxe era asistir á representación teatral dunha famosa obra de Miguel de Cervantes, El celoso extremeño. Cando chegamos démonos conta que destacabamos entre todo o público, aquilo estaba cheo de xente con uniforme escolar. Cando por fin conseguimos entrar no maravilloso teatro "Colón" e nos acomodamos para ver a obra, quedamos deslumbrados pola posta en escena; tan só catro actores realizaron tódolos papeis. Na escena os actores simulan unha viaxe en coche e para distraerse un deles comeza a ler a obra de Cervantes "Novelas ejemplares", 1613, esta lectura transpórtao no tempo e nós a través deles soñamos esta obra: Felipe Canizales, extremeño de orixe amasa durante anos unha fortuna na India, de volta falto xa de enerxía e humor instálase en Sevilla e escolle como esposa a unha xove pobre. Enfermo de celos decide pechala na casa cun candado. Pero as moitas chaves non impiden a entrada a un mozo desocupado e curioso que animado por unha aposta consegue acercarse á inocente. O adulterio, unha vez descuberto, acelera a morte do celoso extremeño e leva á xove a recluírse nun mosteiro.

Cando rematou a obra, fomos dar unha volta pola Coruña, comemos e ó acabar iniciámo-lo camiño de volta para a casa. Aquí rematou a nosa experiencia coa finalidade de acercarnos un poquiño ó mundo do teatro.

VERÓNICA FERNÁNDEZ & LUISA PIÑEIRO.

Lonxe quedan os tempos en que aquel "magister plagosus", Orbilio, mallaba nas costas do neno Horacio, levado polo seu interese pedagóxico de que o que logo sería o grande poeta latino aprendera gramática.

Agora as cousas son diferentes e os novos "docentes palizas" mallamos nos cerebros e nas consciencias dos nosos pupilos nun teimudo afán en captar a súa atención e en que se interesen por asuntos que lles soan alleos por máis que nós nos empeñemos en facelos familiares a forza de repetilos.

Un día tras outro insistimos, cambiamos de estratexia (traballo en equipo, actividades lúdico-motivadoras...) e martelamos co soniquete incansable de "planificación, método, constancia, traballo..."

Demasiada presión, insoportable presión cando ó que ten que oír isto non se lle permite nin un respiro para adicarse a outras actividades de moito máis interese como comenta-las incidencias da fin de semana, as xogadas dúbidas do último partido da liga, planifica-lo seu futuro máis inmediateisimo ou sinxelamente relaxarse nun san exercicio de vaciamento mental.

E por riba de todo isto, nin tan sequera pode amosar a súa idiosincrasia ("e que eu son así") sen corre-lo risco de que o seu comportamento sexa recriminado e de seguido se lle recorde que hai normas e que un non pode facer e dicir o que lle pete.

Xa non quedan "magistri plagosi" pero, ¡cantos *docentes paliza* nos xuntamos aquí!

UNHA DOCENTE



# ó pan, pan, e ó viño, viño

¿RACISTAS NÓS? ¿QUE VA!...

Así é, nós sempre presumimos de non ser un país racista e de ser moi humanitarios. Isto é moi fácil de dicir cando non hai outras razas ó teu redor que che susciten unha idea semellante. Mentres todo queda lonxe e samente vemos pola tele como nos Estados Unidos apedrean a negros, hispanos e demais é moi fácil criticar. Pero cando o problema se achega a nós, ¿onde está esa solidariedade coa que acostumabamos presumir?. Agora que ese negro ou ese oriental vive na porta de enfronte é cando temos dereito a falar, e é agora cando debemos presumir de ser tolerantes e comportarnos coma persoas. Claro está, non é tan fácil como parecía ¿non é?

Permitídemme recordar o que ocorreu hai uns días nun pobo de Almería: *El Ejido*. Nel adícanse fundamentalmente á agricultura. Cultivan extensións de terra de grandes dimensións, para o que necesitan un importante número de traballadores. Os inmigrantes marroquí chegan ó noso país desesperados, a maioría sen papeis, polo que buscan calquera tipo de emprego para ter algo que levar á boca. Isto resulta difícil ó ser ilegais, e os agricultores aproveítanse deles facéndoos traballar un número elevado de horas, conseguindo ó mesmo tempo unha man de obra moi barata.

Entón chegou o problema: este pobo, ó igual ca outros destas características, comezou a ser habitado por un gran número de marroquí, e dun día para outro, case sen darse conta, os nativos do lugar eran verdadeiramente racistas e intolerantes, chegándose a desatar preocupantes liortas, non precisamente provocadas polos inmigrantes, quen comezaron a ter medo de saír á rúa por temor a ser apedreados.

A gota que colmou o vaso foi o asasinato dunha moza en dito pobo. A reacción foi tremenda: os marroquí sentían pánico polo que lles puideran facer, escaparon ás montañas e negáronse a voltar ó traballo. Os cidadáns españois afirman que a violencia dos inmigrantes repítese a miúdo, pero ¿acaso non ocorren cousas polo estilo sen ser provocadas por eles?. Por suposto; o caso é que se un marroquí fai algo, todos son iguais e hai que botalos fóra; se o fai un cidadán español ¿non pasa nada!, é un entre mil, quizais un demente, incluso puido ser por consumir algún tipo de droga... e xa sabedes por onde vou ¿non?

Pos si, é duro recoñecelo, pero isto é racismo puro, e nós non somos distintos ós demais.

¿Cambiaremos?, oxalá, pero non o creo.

GRORIA HEVIA



# Ó PAN, PAN, E Ó VIÑO, VIÑO (BIS)

## ¿Acabouse o século?

¡Por fin, por fin se foi, deixádeo ir! O ano do século, o século do milenio ¡qué sei eu! Deixade que se vaia co seu coro de celebrantes dos abismos, de agoreiros, de quiromantes, de afeizoados ós ritos funerarios, de prañeadeiras, de profetas do apocalipse. A eclipse pasou, o século cambiou, e agora... ¿quen dá máis?, escóitase nunha esquina do gran mercado do mundo, quen cree aínda que a catástrofe está por vir.

Porque a catástrofe xa está aquí. “*No future*”, dicía o punk, e agora que somos “ciber-punks” seguimos no mesmo. Non vale de nada agacharse nen tapa-los ollos, o “off” do mando a distancia non é quen de suprimi-la miseria que afasta como unha lousa países enteiros, as cloacas de medio mundo (en Bombay, en Río de Janeiro, en Bucarest) cheas de nenos que venden o seu corpo para esnifar un pouco de pegamento. ¡Qué privilexiados, aqueloutros nenos que, antes de ir á escola, van por auga ós pozos, e ó voltar axudan ás súas nais a arrincar da terra as colleitas que sobreviven de milagre á interminable sequía!

¿Que dicir, entón, do noso comfortable mundo? É tentador creerse a salvo e confundi-la seguridade co medo, pulsar “off” e venda-los ollos diante da exclusión, da segregación, da marxinação que crecen coma virus nos suburbios das cidades, nos arrabaldos sen límite do gran imperio, mentres as praias, os ríos, os bosques son destruídos, e o petróleo gurgulla ó espaxarse polas entrañas da terra e do mar. Non hai profecías pendentes porque a catástrofe é o presente, como unha bomba que borraxe a memoria. Por eso, as promesas feitas desde as poltronas do Consello de Administración do show-business chamado planeta Terra tan só producen a excitación inútil dos honores póstumos.

¿Acabouse entón o século, sepultado baixo os escombros do muro de Berlín? ¿Ou non se acabaría moito antes, disolto no fume das chemineas dos campos de concentración, que o inundan todo co cheiro da carne queimada? Pero sempre hai quen se agacha, quen fai “off” e tapa os ollos, e se obstina en nega-las atrocidades.

Atrocidades que deixan unha pregunta no aire: “¿é posible a poesía despois de Auschwitz?” ¿Podemos pensar da mesma maneira despois de Irak, de Bosnia, de Ruanda, de Kosovo, de Chechenia? ¿Cando se acabará por fin o século?

Para contestar a iso, démoslle a palabra a alguén que viviu o que ninguén debería ter vivido (e que por iso foi xa para sempre un supervivente): “*Se fosen matarvos mañá co voso fillo, ¿non lle dariades de comer hoxe?*”, dixo Primo Levi —un escritor italiano que viviu máis dun ano nos campos— ó contempla-la serenidade que é posible no rostro dos condenados (cando chega “*unha noite tal que se sabía que os ollos humanos non poderían contemplala e sobrevivir*”).

Primo Levi faise (e fainos) unha pregunta que conmove e fai pensar, e sostén unha idea non da morte senón da vida, a inutilidade de aumenta-lo sufrimento. “Non pasa nada, fillo, o mundo é fermoso, anda, apaga a luz, e contareiche unha historia...”, dicimos sabendo que mentimos, pero necesitamos facelo para escórrenta-la parálise que o siseo das espitas do gas pretende anticipar.

Do contrario sería demasiado doado, tanto como deixarse levar, como pulsar “off” ou se acaso cambiar de canal: unha cómoda vida á carta, coas súas racións de beleza, traxedia e esperpento, todo a elixir, pret-à-porter, pague hoxe e esquézase mañá. Por iso necesitamos manter vivas as ficcións, porque só con elas pode creerse aínda no futuro e conservar un pouco de esperanza.

Juan Carlos F. Naveiro



# AS AVENTURAS DO LORO

NORABOIA A XOSÉ A. MOAR SÁNCHEZ de 3º ESO B gañador do bocata xigante e da cocacola no concurso convocado para bautiza-lo loro. O nome proposto foi E.T.2.



# 1º PLANO

## O SEXTO SENTIDO

Cando escribín no anterior número a propósito da película The Blair Witch Project non me puiden referir por problemas de espacio ó estado do xénero de terror no cine actual. Pero a presente película (digámolo xa, excepcional e excelente obra do realizador M. Night Shyamalan) volve a traer a colación o tema.

Dúas películas marcaron o futuro do xénero alá polos sesenta e as súas influencias están presentes aínda: Psicose (Alfred Hitchcock, 1960) e Seis mulleres para o asasinato (Mario Baven, 1964). Da primeira recibimos en herdo o seu sentido xeométrico da planificación e os seus maxistrais golpes de efecto; da segunda un sentido plástico do terror e un particularísimo sentido da unión entre a violencia e o sexo de modo que o asasinato é entendido como un violento orgasmo e toda paixón como locura. Estas películas teñen unha sombra moi alongada que cobre o mellor (A noite de Halloween, Zombie, Roxo escuro, Hell night ou Deranged) e o peor (dende Venes trece ás deleznable sagas Scream e Sei o que fixéste-lo último verán) do cine de terror dende o setenta ata hoxe.

¿Por que comento todo isto a propósito de O sexto sentido, cando esta película parece estar fóra de todo este movemento?. Precisamente porque quizais toda esta corrente de sangue, mutilacións decapitacións e coiteladas fixeron ó director M. Night Shyamalan decantarse por un tipo de terror máis psicolóxico e espiritual.

A película alonxada tamén de todo goticismo (non hai tormentas, portas que chirrían ou castelos en medio do bosque) é un prodixio de suxerencia e sutileza. A cámara desprázase cunha increíble elegancia por unha Philadelphia sempre gris e desolada, onde todos están sos e sofren en silencio (a nai que saca o seu fogar adiante, o neno cun inconfesable segredo e o sicólogo que contempla como a relación coa súa muller se vai inevitablemente a pique).

Por todo isto e polo extraordinario traballo actoral no que tódolos intérpretes (incluso Bruce Willis) brillan a gran altura, O sexto sentido é unha película inesperada no panorama americano actual e máis dentro do xénero de terror. O director Shyamalan parece querer construír unha illa de creatividade sen desprezia-la comercialidade, pero á marxe da mediocridade imperante. ¿Será capaz?. Todo se verá.

Por último xa sinalar que o comentario máis frecuente á saída do cine era: "Pero no daba medo". ¿Que se podía esperar dun lugar onde o público babea ante produtos da calaña de Secuestrando á señorita Tingle ou The haunting (versión moderna, por suposto) e non entende que Eyes Wide Shut é un filme de terror?.

NOEL BLANCO





Na Idade Media diciase que un esquío podía atravesar España de Norte a Sur sen ter que baixar das árbores, sobre todo Galicia destacaba por ter un gran bosque de folla caduca: castiñeiros, faias, bidueiros, froiteiras e centenarios carballos. Estes bosque chegaron ata nós a través dos séculos pero cada vez máis mermados: a deforestación coa chegada do ferrocarril supuxo un gran gasto de madeira, destrozando fermosas carballeiras; a presenza cada vez maior de gando no interior de Galicia provocou derribos de frondosos bosques para facer prados onde puidesen comelos animais; tamén as pestes, como a da tinta, secaron moitos castiñeiros, afectándolle ó centro da madeira.

Anos despois apareceron os grandes serradoiros e as fábricas de celulosa que implantaban novas razas, menos favorables para o hábitat galego, pero de máis rápido crecemento e troncos máis dereitos, como o piñeiro e especialmente o eucalipto, unha árbore de rapidísimo crecemento, tanto cara arriba coma cara abaixo, debido ás súas longuísimas raíces que absorven abundante auga. As súas follas non son coma as do castiñeiro ou o carballo que en pouco tempo se descompoñen e serven como fertilizante, estas non, tardan moito tempo en descompoñerse e non permiten nacer herba nin matogueiras. Ademais ó eucalipto beneficiano os incendios porque lles axudan a transporta-las sementes.

Agora que tódolos anteriores motivos de deforestación case desapareceron, temos un novo problema : o gasto indiscriminado de papel.

O papel é un dos utensilios básicos do estudante ¿onde escribiría os seus apuntes e onde faría os seus deberes dende preescolar ata a fin da universidade?, ¿onde leríamos aburridos libros? e ¿onde estaría escrito o temido boletín de calificacións?

Pero ¿por que o gastamos indiscriminadamente sabendo o mal que provocamos na natureza?: deixamó-los folios pola metade, tiramos follas porque teñen un pequeno borrancho... xa de tiralos polo menos poderíamos reciclalo. A reciclaxe de papel é a solución ó problema, de cada 500.000 m<sup>2</sup> de madeira de eucalipto só se producen 150.000 toneladas de pasta de papel, e se seguimos gastando así, Galicia quedará desértica e nós sen papel, teremos que volver a escribir en pizarras coma os nosos avós, entón de nada servirá a escusa de: "E que me comeu os deberes o can...".

Se non queremos chegar a este extremo hai que comezar a esixir: cando compremos un libro fíxate que sexa de papel reciclado, ademais de colaborar, ¡é máis barato!, as libretas e os folios podes compralos reciclados, e os profesores poden entregar folios reciclados par face-los exames e recomendar libros de texto con este tipo de papel. Así ó mellor Galicia logra volver a se-lo enorme bosque que era na Idade Media.

DANIEL CASTRO



# LETRAS GALEGAS

## Murguía

### MURGUÍA

**Manuel Antonio Martínez Murguía** (A Coruña 1.833-1.923). Seu pai era farmacéutico e trasladou, axiña do nacemento de Manuel, a súa botica a Santiago. Murguía estudia Filosofía na Universidade e formará parte dos círculos progresistas da época. Escribe a súa primeira obra aos 17 anos e terá un gran éxito, pero este non continuará por moito tempo. Aos 20 anos vai a Madrid, onde colaborará en periódicos e revistas de gran sona. Desde a Corte cartéase con Aguirre, Pondal e outros personaxes do provincialismo galego. E tamén na capital casará con Rosalía.

A partir dos anos 60 deixa a súa actividade literaria para seguir máis no camiño da investigación histórica. En 1.865 sae o primeiro tomo da "Historia de Galicia", obra que non dará rematada e só chegará ata a Idade Media.

Murguía pertence á xeración romántica de historiadores, aínda que el aporta o Positivismo desde o punto de vista metodolóxico: necesidade de basear os datos históricos nos documentos orixinais. Para Murguía Galiza é unha nación, con caracteres propios: raza, lingua, folclore, mitoloxía, etc.

O pensamento político de Murguía influirá tamén na súa concepción e tratamento da Historia de Galiza. En efecto, a partir do ano 1.890 o seu pensamento liberal progresista vai derivando en conservador. Así, ao principio eloxia o labor de represión aos nobres por parte dos Reis Católicos e bótalle a culpa á nobreza galega de non conquistar a independencia de Galiza na Idade Media, por estar en loitas continuas entre eles. Pero contra o ano 1.890 a súa visión histórica cambia: a nobreza galega non é criticada senón que agora vai representar a conciencia nacional, xa que os nobres foron botados a Castela e substituídos por unha nobreza foránea. A miseria do campesiñado galego vén dada pola rapacidade dos mosteiros non pola nobreza. Os males de Galiza veñen da contraposición Galiza-España. Con esta idea Murguía sinalará o camiño a seguir polo nacionalismo galego de principios do século XX.

Pero sempre, sempre, a idea constante e teimuda de don Manuel Murguía será a definición de Galiza como unha nación de seu.

J.C.

En Mugardos, Galiza. Inverno do 2.000





Hai xa varios meses que saíu á luz o libro *De lenda en lenda: Camiños máxicos polo noroeste de Galicia*. Este libro, escrito por Esperanza Piñeiro de San Miguel e Andrés Gómez Blanco, conta lendas e historias populares de diversas zonas dende o Cabo Ortegal ata a desembocadura do río Eume, pasando polos concellos do interior como poden ser A Capela, Monfero, As Pontes...

O libro, interesante onde os haxa, conta en boca dos veciños destas zonas lendas e historias onde se mestura o real co puramente fantástico, feito este que lle dá ó libro ese carácter máxico e misterioso que fai que o lector non deixe a lectura ata rematalo.

Dentro do libro, os concellos de Ares e de Mugar dos protagonizan un gran número de lendas case descoñecidas pola xente nova e que por suposto non estaría de máis coñecerlas: primeiro porque forman parte da nosa historia e segundo porque así non pasarán a formar parte do olvido.

No que respecta ó concello de Ares podemos cita-las lendas sobre a "Cova dos Mouros" en Cervás ou "A poza da Fonfria" en Lubre.

Dentro do concello de Mugar dos trancorren a "Lenda de Santa Lucía" en Mehá ou "O Demo e os pescadores de Mugar dos".

Tamén hai lendas que afectan ós dous concellos: "Voto de Chanteiro" ou as relacionadas cos avistamentos das expedicións de Ith, fillo de Breogán, polas costas do norte de Galicia. E para que non se enfaden nin os de Ares nin os de Mugar dos recopilo aquí unha historia relacionada con cada un deles.

**" A LENDA DA SEREA DAS MIRANDAS"**  
(Concello de Ares)

Na mitoloxía grega, as sereas eran concebidas coma seres fabulosos coa parte inferior do corpo dunha ave e coa superior dunha muller alada. Así concibe Homero ás que lle cantan a Ulises na súa viaxe dende Troia a Ítaca. Mais a serea que nadaba nos mares de Ares era moi distinta ás gregas, parecíase máis ás que viran por Europa xa dende a antigüidade, a nosa era unha serea mariña: ata a cintura, muller de beleza e atractivo coma as princesas dos contos, de aí para abaixo era un peixe cunha cola rosada e chea de escamas de prata, parecido a un salmón xigante.

Era ela unha serea inqueda e falagueira, dáballe por latricar con gaivotas e corvos mariños que lle contestaban cos seus chaires incomprensibles. Ás veces brincaba no



medio dun banco de peixes ou xogaba cos golfiños que visitaban a ría. Logo quedaba pensativa e ía toma-lo sol polas praias de Perbes e Centroña e polas do oeste de Ares; as de Cirro, do Vello ou do Conde, eran as súas preferidas. Pero sempre se tiña que mergullar no mar cando chegaban persoas. Frecuentaba as desertas Illas Mirandas, aínda que por alí tamén pasaban os pescadores a rouba-lo aceite da boia para quente-la comida. ¿Por qué asustaba á xente? ¿Por que non podería ser ela unha rapaza normal?

Un día foi sorprendida nunha praia por un fidalgo dos máis poderosos de Galicia que quedou totalmente namorado. Casou con ela en segredo e levouna para a súa casa. Co paso do tempo, lonxe do mar, caéronlle as escamas e a pel da cola, puido por fin ter fillos. Nunca máis se sentiu soa a serea das Mirandas.

**"A LENDA DE SANTA LUCÍA DE MEHÁ"**  
(Concello de Mugar dos)

Seica existe un túnel que comunica a ribeira da ría de Ares coa de Ferrol que vén saír aquí, na costa mugar desa de Mehá. Un túnel longuíssimo, tortuoso e inexplorado.

"- Non houbo organismo oficial nin grupo particular que fose capaz de investigalo, porque unha forza misteriosa o impide"-, asegurou un veciño.

"- De pequeno intentábamolo ata que se nos apagaba a vela. E ninguén lle sopraba".


A esta cova de Mehá, algúns tamén lle chaman a "Cova dos Mouros", como a de Ares. Pero hai quen prefere falar da "Cova de Santa Lucía". Resulta que hai moitos anos, uns pescadores izaron as redes na boca da ría, cargaron e volveron a porto. Entre sardiñas e xardas pescaran unha imaxe dunha Santa que levaba un par de ollos nun prato. Era Santa Lucía moi milagreira coas cousas da vista. Patrón e mariñeiros eran de Mehá e alí decidiron facerlle unha ermida. Tódolos veciños contribuíron á obra: quen cun quiñón da pesca, quen cun poco de madeira, quen con horas de traballo nas pedras da canteira.

Mentres tanto, a imaxe desaparecera. Buscaron por tódolos sitios e por fin a atoparon dentro daquela cova misteriosa xunto á ribeira, no manantial de auga doce que alí nace. Varias veces foi trasladada á ermida pero sempre ó manantial retornaba. Agora din que as augas de Santa Lucía curan as doenzas todas.

GUILLERMO ARES



# TODO MÚSICA



¡¡BRAVO POR ELES!!

Ultimamente apareceu na xente xove un nova afección pola música da nosa terra, supuxo un rexurdimento da música folk nas listas de éxito do noso país. Este sentimento veu dado pola aparición de personaxes como Carlos Núñez, Cristina Pato,...e grupos como *Luar na lubre*, *Milladoiro*, *Berroqueto*..., que lle deron o empuxe final para consolidarse como un xénero musical identificado coa xente nova.

Houbo e hai moitísimos grupos que se adicaron a cultivar este xénero durante anos, pero os grandes impulsores foron sen dúbida, Carlos Núñez e Luar na lubre que o devolveron ó panorama musical actual.

A reaparición do son da gaita encheu o baleiro que había moitos anos tiña o folk nas listas de superventas. El co seu primeiro disco arrasounas e isto fixolle editar un segundo que seguiu a liña do anterior. O seu éxito baséase simplemente en "gaitear" cancións tradicionais e populares da nosa terra, conservando o máis enxebre pero dándolle unha aparencia moderna. Así, atopámo-las cancións "Negra sombra" interpretada por Luz Casal e "Lela, Lela" por Dulce Pontes, entre outras, nas que o gaiteiro parte de poemas tradicionais da nosa literatura ou cancións populares para combina-los instrumentos de vento cos que se identifica a música galega.

Tamén coas baladiñas comezaron *Luar na Lubre*, pero puco a pouco chegaron ó podium con tres discos, con cancións como "Tu gitana" que lles serviu para abrirse camiño. Outras como "A frol da iauga" é un claro exemplo de canción tradicional ou tamén "O son do ar" que conta xa coa versión dun recoñecido músico instrumental, Mike Oldfield.

A música folk recobrou un espacio no complicado panorama da actualidade musical.

BROZOS & MESÍA



# CARTAFOL RECOMENDACHE

## EXISTEN OUTROS MUNDOS (NO NOSO)

Foime solicitada a colaboración para comentar un libro, un disco e unha película seleccionados por min; non tiña que restrinxirme a creacións de última actualidade, podería botar man daquelas obras que eu estimara oportuno. Pois ben, iso é o que vou facer. En realidade, para estar ó día, á última, hai xa información dabondo nos medios cotiáns de comunicación (xa todos sabedes que Almodóvar gañará o oscar, que Manolo Rivas vende moitos libros ou que Dover teñen páxina web). Eu falarei entón de "outro" disco, "outro" libro, "outra" película. E aí van as tres primeiras mostras.

**O outro libro.** Había varias opcións que eu estaba manexando, e finalmente, sen saber moi ben por que, decanteime por un libro de poesía dun autor arxentino. Si, pareceume acertado falar aquí de Oliverio Gironde (1891-1967) e da súa fermosísima e atrevida obra "Veinte poemas para ser leídos en el tranvía", completados na edición española con "Calcomanías y otros poemas", editada por Visor. O poemario foi orixinalmente publicado en 1922, e converteuse nun texto clave para explicar a literatura arxentina deste século e, como non, a hispánica no seu conxunto. Poderíamos dicir que é case un libro de viaxes en verso, pois o desencadeante dos poemas son paisaxes urbanas de ámbitos xeográficos diversos (París, Brest, Buenos Aires, Venecia, Sevilla, Río de Janeiro, etc.). De mostra, un botón: "...y de noche, a remolque de sus manías -empavesadas como fragatas- van a pasearse por la plaza, para que los hombres les eyaculen palabras al oído,..."

**O outro disco.** "A música deste álbum está adicada a Sapain e ós indios Xingú, de quen aprendín tanto durante o tempo que pasei con eles na xungla do Amazonas..."

Traduzo unha parte da dedicatoria que na contraportada de "Sol do meio día" fai Egberto Gismonti. Con eso xa se di moito do disco. O resto só se pode percibir ó escoitalo.

Egberto Gismonti é un fabuloso e completísimo músico brasileiro, introducido en Europa por ECM -por certo, este selo acaba de cumprir trinta anos, durante os que sempre mantivo un lema: "o mellor son despois do silencio"-, que no ano 1977 lanzaba o primeiro disco seu titulado "Dança das cabeças". Gismonti toca unha guitarra de oito cordas, o piano, frutas de bambú, instrumentos de percusión da música popular brasileira, e tamén usa a súa voz. Cando ECM lanzaba ese seu primeiro traballo, el estaba a vivir cos xingú. Sting chegou máis tarde (pero fixéronlle máis fotos).

**A outra película.** Non é a miña película favorita, nin traballa nela a miña actriz preferida, nin o director me resulta especialmente agradable, nin... ¿Entón por que non elixes outra? Pois porque non é unha mala peli, non é un mal director, non son malos actores, e o tema e o xeito de tratalo parécenme interesantes e moi de actualidade (ó fio do tan discutido procesamento a Pinochet). Refírome a "La muerte y la doncella", de Roman Polanski (hai pouco adaptou para a pantalla unha novela de Pérez Reverte, con Johny Depp de protagonista, co título de "La novena puerta"), que ten ademais o mérito de estar rodada nos seus exteriores en Valdoviño, aínda que é fundamentalmente unha cinta de espazos pechados, claustrofóbica. Conta a historia dunha muller que, durante unha dictadura militar, nun país americano, foi torturada dun xeito bestial (sempre cos ollos vendados, con música de fondo de Schubert -un cuarteto de corda que lle dá o título á película-). Por casualidade, anos máis tarde -¡o azar!-, parécelle recoñecer ó seu torturador na súa propia casa. Será ela agora a que o someta a tormento. Pero nunca lle vira a cara, ¿poderá confundirse de home? ¿E se é el unha nova vítima? Sigourney Weaver (si, a de Alien) tamén nos tortura a nós.

Xosé Luís Mosquera Camba.

